

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** Nomeamento funcionario de carreira - Oficial Policía Local - José Martín Gómez Miramontes

**EXPEDIENTE:** 2024/E005/000029

Vista a Resolución da Alcaldía n.º 116/2024, de 5 de febreiro, pola que se nomeou funcionario en prácticas, para prover unha (1) praza de oficial da Policía Local, grupo C1, a José Martín Gómez Miramontes.

Vista o certificado da Academia Galega de Seguridade Pública de data 27 de marzo de 2024 na que se certifica que *“José Martín Gómez Miramontes con NIF número \*\*\*3707\*\*”, superou o proceso selectivo para o acceso á escala básica, categoría de oficial, dos corpos da Policía Local de Galicia, convocado mediante resolución de 17 de xaneiro de 2024”*.

Tendo en conta o disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais; o Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais; os artigos 21.1, 91, 100 e 102 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; os artigos 133 e seguintes, 167 e seguintes e Disposición Transitoria Cuarta do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo; o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; o artigos 3.2 e 76 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; o artigo 51 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para

a Igualdade Efectiva de Mujeres e Homes; o Decreto 105/2008, do 8 de maio, polo que se crea e regula o rexistro das policía locais de Galicia; a Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se Determinan as Probas de Selección, Temarios e Baremos de Méritos para o Ingreso, Promoción Interna e Mobilidade nos Corpos de Policía Locais, para a Integración dos Vixiantes e Auxiliares de Policía ou Interinos, para o Acceso como Vixiantes Municipais e a Contratación de Auxiliares de Tempada; a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia e o Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación definitiva pola Alcaldía de conformidade co artigo 21.1. g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.**- Nomear funcionario de carreira, oficial da Policía Local, grupo C1, a José Martín Gómez Miramontes, con DNI nº \*\*\*3707\*\*.

**Segundo.**- Notificar a presente resolución ao aspirante nomeado, comunicándolle que deberá tomar posesión no prazo dun mes a contar desde o día seguinte a aquel en que se lle notifique o nomeamento.

**Terceiro.**- Publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web deste Concello: [www.teo.gal](http://www.teo.gal), así como no Taboleiro de Anuncios.

**Cuarto.**- Comunicar a toma de posesión no prazo dos 15 días seguintes ao Rexistro de Policía Locais de Galicia, para que proceda á oportuna inscrición na sección primeira do devandito Rexistro.

**Quinto.-** Dar conta da presente Resolución aos Departamentos de Intervención, Tesouraría e Policía Local e ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,  
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe  
Virginia Fraga Díaz